



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O Parlamento de Galicia:

- A) Exerce a potestade regulamentaria da Comunidade Autónoma.
- B) Exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma e controla a acción executiva da Xunta.
- C) Controla a acción xudicial.
- D) Exerce unicamente a potestade lexislativa.

2. Das seguintes afirmacións que fan referencia ás características da información previa ao consentimento recollidas en en a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sinala a resposta incorrecta:

- A) A información será verdadeira, comprensible, adecuada ás necesidades do paciente, continuada, razoable e suficiente.
- B) A información facilitarase coa antelación suficiente para que o paciente poida reflexionar e decidir libremente.
- C) A información non ten por qué incluír as alternativas razoables ao devandito procedemento.
- D) A información será obxectiva, específica e adecuada ao procedemento, evitando os aspectos alarmistas que poidan incidir negativamente no paciente.

3. A selección do persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde realizarase, con carácter xeral:

- A) Polo procedemento de oposición.
- B) Polo procedemento de concurso oposición.
- C) Polo procedemento de concurso.
- D) Non se establece no Decreto de provisión, ningunha previsión respecto diso.

4. Segundo a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade, indique cal das competencias que se relacionan é exclusiva do Estado:

- A) Control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.
- B) Control sanitario dos cemiterios e policía sanitaria mortuoria.
- C) A sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais.
- D) Control sanitario de industrias.

5. O dereito á pretección da saúde na Constitución Española:

- A) Está recollido entre os principios reitores da política social e económica.
- B) Está recollido entre as garantías das liberdades
- C) Está recollido entre os deberes da administración.
- D) Está recollido nunha disposición transitoria.

6. Atendendo ao contido da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, indique cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A) O Sistema Público de Saúde de Galicia non é parte integrante do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Non se inclúen dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- C) A dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia corresponde ao Consello da Xunta.
- D) A centralización, concentración e autonomía na xestión dos servizos sanitarios son principios reitores do funcionamento do Sistema Público de Saúde de Galicia.

7. O Orzamento do Parlamento de Galicia:

- A) Será fixado pola Xunta de Galicia.
- B) Deberá ter a conformidade do Consello de la Xunta.
- C) Fixarao o propio Parlamento.
- D) Necesitará informe previo non vinculante do Valedor do Pobo.

8. Indique cal dos seguintes dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución Española, pode ser suspendido en caso de declaración do estado de excepción:

- A) Toda persoa detida debe ser informada de forma inmediata, e de modo que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención, non podendo ser obrigada a declarar. Garántese a asistencia de avogado ao detido nas dilixencias policiais e xudiciais, nos termos que a lei estableza.
- B) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional.
- C) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- D) Todos os españois teñen dereito a sindicarse libremente.

9. Cal das seguintes materias non ten que ser obxecto de negociación nas mesas de negociación do persoal estatutario?:

- A) O réxime de permisos e licenzas.
- B) Os plans de acción social.
- C) Os sistemas de carreira profesional.
- D) As decisións da Administración Pública que afecten o exercicio de dereitos polos cidadáns.

10. Según a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a acreditación das situacións de violencia de xénero dos traballadores, realizarase a través de:

- A) A denuncia formulada ante o órgano competente.
- B) A orde de protección a favor da vítima, e excepcionalmente o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios, ata tanto se dite a orde.
- C) Se foi emitido informe do ministerio fiscal, este sería suficiente, e non habería necesidade de ditar orde de protección.
- D) Calquera documento que acredite que a demandante foi vítima de violencia de xénero.

1. O nomeamento dun conselleiro corresponde a:

- A) Ao Consello de la Xunta.
- B) Ao Presidente da Xunta.
- C) Ao Parlamento de Galicia.
- D) Ao Vicepresidente da Xunta de Galicia.

2. Indique cal das seguintes afirmacións sobre o Servizo Galego de Saúde é falsa, segundo o recolleito na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

- A) O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia.
- B) O Servizo Galego de Saúde está adscrito á Consellería de Sanidade.
- C) Integran o Servizo Galego de Saúde os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou procedentes de transferencias, así como as entidades sanitarias de natureza privada que se lle adscriban.
- D) O obxectivo do Servizo Galego de Saúde é a provisión dos servizos e prestacións de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

